

Que bo é estar contigo

Xesús, que bo é estar aquí en silencio
sentindo a túa presenza nada máis,
saber que eu te miro e ti mírasme,
saber que ti me entendes sen falar.
Por que non renunciamos ao orgullo,
que pecha as nosas almas diante túa,
inútil pretensión de facelo todo,
se ao fin hai que aprender a recibir.
Que bo é estar a te mirar, Señor,
e só con mirarte descansar!
Que suave a harmonía que nos chega
se abrimos os nosos corazóns á túa luz,
se alí onde terminan as nosas forzas
seguimos lembrando que estás ti!
Que bo este silencio que nos une
a todo o creado e dános paz...,
así como sentindo o infinito abrazo
orixinal da túa amizade!.

Catequizis 3, A habitación secreta: <https://www.youtube.com/watch?v=QY7269eag7I&t=85s>

Material oficios de Fano: <https://odresnuevos.es/2024/02/05/material-cuaresma-fano-2024/>

Canción xesús, o Mestre: <https://youtu.be/LKbp8N6puBU?si=3P8R8mJ3GWhNKikM>

Aprended de mí,
sed mansos
y humildes de...

cuaresma

...de oficio en oficio hasta llegar a LOS OFICIOS

Jesús, el Buen Maestro, el hijo del carpintero
me enseña a VIVIR. En esta cuaresma escuchando
su PALABRA seré su buen aprendiz de...



CICLO B



O Mestre Xesús ensíname o oficio de montañeiro

Aprended de mí,
sed mansos
y humildes de...


cuaresma

...de oficio en oficio hasta llegar a LOS OFICIOS

Jesús, el Buen Maestro, el hijo del carpintero
me enseña a VIVIR. En esta cuaresma escuchando
su PALABRA seré su buen aprendiz de...



CICLO B



JESÚS Mc 9,3-6 El Buen Maestro

1 domingo de cuaresma Mc 1,12-15 ...MENSAJERO

2 domingo de cuaresma Mc 9,2-10 ...MONTAÑERO

3 domingo de cuaresma Mc 1,12-15 ...ÁRBITRO

4 domingo de cuaresma Mc 3,14-21 ...ELECTRICISTA

5 domingo de cuaresma Mc 11,20-33 ...SEBRADOR

Coresma 2º-B

XÉNESE 22: O sacrificio de Abrahán

Naqueles días, Deus puxo a proba a Abrahán. Díxolle: «Abrahán!». El respondeu: «Aquí estou». Deus dixo: «Toma o teu fillo único, ao que amas, a Isaac, e vaite á terra de Moria e ofrécemo alí en holocausto nun dos montes que eu che indicarei». Cando chegaron ao sitio que lle tiña dito Deus, Abrahán levantou alí o altar e amontoou a leña. Entón Abrahán alongou a man e tomou o coitelo para degolar o seu fillo. Pero o anxo do Señor gritoulle desde o ceo: «Abrahán, Abrahán!». El contestou: «Aquí estou». O anxo ordenoulle: «Non alongues a man contra o rapaz nin lle fagas nada. Agora comprobei que temes a Deus, porque non che reservaches o teu fillo, o teu único fillo». Abrahán levantou os ollos e viu un carneiro enredado polos cornos na maleza. Achegouse, tomou o carneiro e ofreceuno en holocausto en lugar do seu fillo. O anxo do Señor chamou a Abrahán por segunda vez desde o ceo e díxolle: «Xuro por min mesmo, oráculo do Señor: por facer isto, por non reservarche o teu fillo, o teu fillo único, **enchereite de bendicións e multiplicarei aos teus descendentes como as estrelas do ceo e como a area da praia. Os teus descendentes conquistarán as portas dos seus inimigos. Todas as nacións da terra bendiranse coa túa descendencia, porque escoitaches a miña voz**» Palabra do Señor.

SALMO 115: R/- Camiñarei na presenza do Señor no país dos vivos.

ROMANOS 8, 31b-34: Deus non se reservou a seu propio Fillo.

MARCOS 9, 2-10: Este é o meu fillo, o amado.

Narrador: Naquel tempo, Xesús tomou consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán, subiu aparte con eles sos a un monte alto, e transfigurouse diante deles. Os seus vestidos volvéronse dun branco cegador, como non pode deixalos ningún bataneiro do mundo. Aparecéronselles Elías e Moisés, conversando con Xesús. Entón Pedro tomou a palabra e dixo a Xesús:

Pedro: -«Mestre, que bo é que esteamos aquí! Imos facer tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías».


Narrador: Non sabía que dicir, pois estaban asustados. Formouse unha nube que os cubriu e saíu unha voz da nube:

Voz: -«Este é o meu Fillo, o amado; escoitádeo».

Narrador: De súpeto, ao mirar ao redor, non viron a ninguén máis que a Xesús, só con eles. Cando baixaban do monte, ordenoulles que non contasen a ninguén o que viran ata que o Fillo do home resucitase de entre os mortos. Isto quedóuselles gravado e discutían que quería dicir aquilo de resucitar de entre os mortos.

Palabra do Señor.

(Narrador-Pedro-Voz).



O Mestre Xesús ensíname o oficio de montañeiro

1. VER: O oficio de montañeiro

- Continuamos a coresma achegándonos a Xesús, o Bo Mestre, o fillo do carpinteiro que nos ensina a VIVIR. Da man de Fano seguimos unha **dinámica de “oficios”**, tratándoos de aprender e tamén de practicar para ser bos cristiáns. Tras o oficio de mensaxeiro da semana pasada, Xesús exerce agora o oficio de montañeiro. Que fai un montañeiro? O montañeiro ten que ter boa forma física para subir e gozar das montañas e ensina a outros a subilas para que gocen coma el. Mira esta subida ao Pico Urriellu: <https://youtu.be/watch?v=WMwmhfcmwV8>

Que che parece? Esixe esforzo? Paga a pena?

2. XULGAR: Xesús ensínanos o oficio de montañeiro

- No 2º domingo de Coresma, Xesús Montañeiro tomou consigo a tres apóstolos e subiu con eles a un monte. Alí transfigurouse, ven a Moisés e Elías. e Pedro exclamou: “Mestre, que bo é que esteamos aquí!”.

Mc. 9,2-10, Fundación Ramón Pané, película: <https://youtu.be/RwGPwvdS46A>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- A Xesús gústalle **estar cos seus tres amigos**: Pedro, Santiago e Juan. Pasan momentos de intimidade, falan, gozan. Na cima do monte móstralles a súa gloria, como Fillo de Deus. E os tres experimentan a súa grandeza, o seu amor, que se perderon se non escalasen con Xesús.

- A nós, Xesús-Montañeiro convidanos a **escalar con El**, a non quedarnos apoltronados, a estar “en boa forma espiritual”, a deixar as nosas cousas e relaxarnos un intre con El para que “vexamos” xa un pouquiño da súa gloria. **Os montes** aos que El nos convida a subir para estar con El son a oración, a Eucaristía, os momentos de encontro con Deus onde gozaremos as “vistas” que Xesús nos ofrece.

- Como estamos a aprender de Xesús a ser montañeiros, **habemos de practicar**: cústanos esforzo subir ás montañas e tamén a orar, a ir a misa e a catequese, pero se non caemos na **tentación** de quedarnos “abaixo”, escalaremos e gozaremos das “vistas”, do bo que é estar con Xesús coma eles.

- E se continuamos practicando, seremos “**montañeiros**” para outros, axudándoos a que estean en boa forma espiritual e poidan gozar das “vistas” que Xesús ofrece.

Domingo 2º Cor-B, explicación “Cousas de Deus”: <https://youtu.be/OxnzegyZdlw>

Estás en boa forma espiritual? A que montes estás subindo?

3. ACTUAR: Comeza o oficio de montañeiro

- Continúa tendo presentes as indicacións básicas da esmola, a oración e o xaxún e practícaas. Busca momentos en familia, no grupo ou persoalmente non tendo preguiza para subirte á oración, á eucaristía, á formación e así gozar do encontro con Xesús. Organiza momentos pola semana para orar.

Canto: “Ao orar”, canto para nenos: <https://www.youtube.com/watch?v=o52Stm75Bqk>

Que vas facer esta semana?